



Tipo de adopción: Plena

Requisitos:

- Estado civil: casado/a
- Idade (Parella): ≥ 25 , < 60
- Anos de convivencia: ≥ 2

Poden ofrecerse para a adopción parellas hetero ou homosexuais casadas, que teñan 2 ou mais anos de matrimonio (agás en casos de infertilidade, xustificada con certificado médico).

Valórase especialmente que as familias que se ofrecen para a adopción posúan os recursos e habilidades parentais necesarias e a súa preparación para a adopción.

Se unha das persoas que se ofrecen para a adopción fose ascendente por consanguinidade do neno no se esixirán os requisitos de idade e de diferenza de idade.

Características dos nenos:

- Nenos menores de 18 anos que os seus pais non estean capacitados ou en condicións de facerse cargo responsablemente deles e que expresen a súa vontade de entregalos en adopción ante o xuíz competente ou que foran declarados susceptibles de adopción por resolución xudicial do tribunal competente.
- Os nenos propostos para adopción internacional son: nenos ou nenas de 8 anos ou mais; os mais pequenos forman grupos de irmá/n/s, con necesidades especiais, tales como dano emocional por antecedentes, dificultades de saúde ou retrasos no desenvolvemento.
- A diferenza de idade entre a persoa que se ofrece para a adopción e o adoptado debe ser de, polo menos, 20 anos.
- O xuíz por resolución fundada, poderá rebaixar os límites de idade ou a diferenza de anos. A dita rebaixa non poderá exceder dos 5 anos.
- Conservan a nacionalidade chilena.
- Os nenos entre 14 e 18 anos e as nenas entre 12 e 18, manifestarán o seu consentimento ante o xuíz.

Forma de tramitación:

Poderá tramitar a súa adopción:

- A través do Ministerio de Xuventude e Infancia (Protocolo Público).
- A través do Organizacións Acreditadas para Adopción Internacional(OAAI).

Documentación necesaria:

- Solicitude de adopción.
- Certificado de nacemento das persoas que se ofrecen para a adopción e fillos, no seu caso.
- Certificado de matrimonio.
- Certificado médico, de saúde física e mental.
- Certificado de esterilidade, se é o caso, cando non se cumplan os 2 anos de matrimonio.
- Antecedentes que acrediten a capacidade económica das persoas que se ofrecen para a adopción..

- Certificado da autoridade de inmigración do país de residencia das persoas que se ofrecen para a adopción no que consten os requisitos que o menor adoptado debe cumprir para ingresar no mesmo.
- Certificado autorizado polo organismo governamental competente do país de residencia das persoas que se ofrecen para a adopción (se o houbera, en caso contrario outro instrumento que permita formar a convicción do tribunal) no que conste a lexislación vixente en materia de adopción, sinalando especialmente os efectos que produce, a forma como opera o recoñecemento no país dunha sentenza de adopción outorgada en Chile e acerca da adquisición e perda da nacionalidade do futuro adoptado.
- 3 cartas de honorabilidade das persoas que se ofrecen para a adopción, outorgadas por autoridades ou persoas relevantes da comunidade no seu país de residencia.
- Fotografías recentes das persoas que se ofrecen para a adopción.
- Informe social.
- Informe psicológico.
- Certificado de idoneidade.
- Certificado de penais.
- Certificado negativo de delitos sexuais.
- Compromiso de seguimento.
- Copia de pasaportes ou documentos de identidade.
- Certificado que acredite a situación laboral.
- Poder de representación ao Organismo Acreditado, no seu caso.
- Certificado expedido polo cónsul chileno (de profesión ou honorario, se o houbera) no que conste que as persoas que se ofrecen para a adopción cumpren cos requisitos para adoptar segundo a li do seu país de residencia ou, no seu defecto, outro instrumento idóneo que permita ao tribunal formarse esa convicción.
- Todos os documentos deberán ser orixinais e estar apostilados
- **A maiores, deberá aportarse a documentación esixida en Galicia.**

Organismo público competente:

Servizo Nacional de Protección Especializada á Nenez e Adolescencia

Embaixada en España:

Embajada de Chile en España

Lagasca, 88, 6º - 28001 Madrid

Teléfono: 914319160 / 914319229 Fax: 915775560

Estancia esixida no país:

- Tempo promedio: 8 semanas.

Informes de seguimento:

- 1 informe aos 2 anos posterior a la sentenza de adopción.
- A partir do 2º ano, 1 informe anual ata os 4 anos

Lexislación:

- Convenio relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional, feito na Haia o

29 de maio de 1993.

- Lei nº 19.620 de 26 de xullo de 1999 sobre adopción de menores (publicada o 05/08/1999). Última modificación Lei 21389 de 18 de novembro de 2021.
- Regulamento da Lei nº 19.620, de 18 de novembro de 1999, Decreto 944, publicado o 18 de marzo do 2000.
- Lei 19.628, sobre Protección da Vida Privada.
- Lei 21.430, de 15 de marzo de 2022, sobre Garantías e Protección Integral dos Dereitos da Nenez e Adolescencia, que crea o Servizo Nacional de Protección Especializada á Nenez e Adolescencia.

Data de actualización:

A información do país foi actualizada o 17/08/2023.